

DECRETO

Nº Expediente: 2020/CONTRAT/000048

ASUNTO: PRÓRROGA I DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DENOMINADO “SERVIZO DE LIMPEZA DAS ESCOLAS INFANTÍS A PARDELA, AS GALERAS, A CANTEIRA E A BRAÑA (MERA), 2019-2020”

Visto que por Decreto da Alcaldía nº 2019002264, de 30 de maio de 2019, adxudícase a “LIMPIEZAS SAN FROILAN, S.L.U.”, con enderezo en Rúa da Factoría, Nº 7, Polígono Industrial do Ceao, 27003, Lugo e CIF nº B27257815 a prestación do servizo, denominado “SERVIZO DE LIMPEZA DAS ESCOLAS INFANTÍS A PARDELA, AS GALERAS, A CANTEIRA E A BRAÑA (MERA), 2019-2020”, licitación aprobada mediante Decreto da Alcaldía nº 2019001301, de 4 de abril de 2019. A formalización do contrato ten lugar o día 31 de maio de 2019.

O servizo comeza a prestarse pola adxudicataria o 1 de xuño de 2019 e, consonte ao establecido na Cláusula H do PCAP, terá unha duración de UN (1) ano coa posibilidade de unha prórroga con duración de UN (1) ano.

Visto que con sinatura do día 15 de maio de 2020, a Educadora Familiar do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Oleiros, dona Teresa Guerra Fernández, coa aprobación da Concelleira delegada de Servizos Sociais, dona Aurora Belén Taboada Casal, presenta unha proposta de prórroga de contratación do servizo polo período comprendido entre o 1 de xuño de 2020 e o 31 de xullo de 2020. O importe da prórroga ascendería a 15.048,88 € sen IVE (18.209,14 € IVE incluído).

Visto o informe xurídico da Secretaría Municipal do día 18 de maio de 2020, no que se indica:

“CONCLUSIÓN

A prórroga do contrato de “SERVIZO DE LIMPEZA DAS ESCOLAS INFANTÍS A PARDELA, AS GALERAS, A CANTEIRA E A BRAÑA (MERA), 2019-2020” polo período que vai do 1 de xuño de 2020 ao 31 de xullo de 2020 sería conforme a Dereito, sempre e cando os servizos económicos do Concello informen sobre a existencia de consignación orzamentaria suficiente para facer fronte ao custo que supón.”

Visto o informe da Intervención Municipal o día 25 de maio de 2020, no que, con respecto á financiación, se indica que a presente prórroga contractual finánciase con cargo á aplicación orzamentaria 70.231.22799, e coa Reserva de Crédito (RC) núm. 202000019156.

En consecuencia, considerando as atribucións conferidas a esta Alcaldía segundo o establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **RESOLVO:**





PRIMEIRO.- Autorizar a prórroga do contrato para a prestación do servizo denominado “SERVIZO DE LIMPEZA DAS ESCOLAS INFANTÍS A PARDELA, AS GALERAS, A CANTEIRA E A BRAÑA (MERA), 2019-2020”, subscrito o día 31 de maio de 2019 entre o Concello de Oleiros e a empresa LIMPIEZAS SAN FROILAN, S.L.U., con enderezo en Rúa da Factoría, Nº 7, Polígono Industrial do Ceao, 27003, Lugo e CIF nº B27257815, polo período de DOUS (2) meses; prórroga que entrará en vigor o 1 de xuño de 2020, nas mesmas condicións xurídicas vixentes ata agora. O importe da prórroga ascende a 15.048,88 € sen IVE (18.209,14 € IVE incluído).

SEGUNDO.- Autorizar e dispor un gasto polos importes que de seguido se citan correspondentes á prórroga do contrato, unha vez practicados as retencións e visto o documento RC núm. 202000019156.

Operación RC	Importe
RC 202000019156	18.209,14 €

TERCEIRO.- Que se proceda a formalizar a prórroga en documento administrativo.

CUARTO.- Dar traslado aos departamentos municipais correspondentes e aos interesados, debido aos efectos implícitos ao acto administrativo, así como ao servizo responsable do expediente aos efectos oportunos.

QUINTO.- Consonte á lexislación vixente, deberase dar a seguinte publicidade ao presente contrato, con inclusión dos seus datos básicos, entre os que figuran obxecto, adxudicatario, importe de adxudicación e desagregación do IVE:

- Perfil do contratante do Concello de Oleiros (art. 154 da LCSP): a formalización da prórroga contrato deberá publicarse, xunto co correspondente contrato, nun prazo non superior a quince días tras o perfeccionamento do contrato.
- Rexistro de Contratos do Sector Público (arts. 346 e seguintes da LCSP): envío dos datos dos contratos maiores e menores realizados ao longo do ano no primeiro trimestre do ano seguinte.
- Tribunal de Contas e Consello de Contas (Resolución de 3 de xullo de 2018, do Tribunal de Contas):
 - o envío dos datos de contratos maiores e menores primitivos realizados ao longo do ano no primeiro bimestre do ano seguinte.
 - o Documento de formalización e extracto do expediente, así como datos de modificacións, prórrogas ou variacións de prazos, variacións de prezo e importe final, nulidade, extinción normal e extinción anormal dos contratos que superen os seguintes limiares de valor estimado, no prazo de tres meses dende a formalización:
 - Obras, concesións de obra e concesións de servizo: 600.000,00 €
 - Contratos de servizos e contratos administrativos especiais: 150.000,00 €



- Contratos de subministración: 450.000,00 €
- Acordos marco: 600.000,00 €

SEXTO.- Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer os seguintes recursos:

1. Con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao que reciba a presente notificación, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.
2. Recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da notificación do acto de resolución do recurso de reposición, se fose expreso, se fose presunto, o prazo será de seis meses a partires do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. O recurso contencioso-administrativo pódese interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-administrativo da cidade da Coruña, de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O anterior enténdese sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP), de formulación da solicitude do artigo 106.1 LPACAP ou de interposición de calquera outro recurso que se estime procedente.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, e a Secretaria accidental, que dá fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

